

SEMINARIO

## **Arquivos de artistas. Ferramentas para a investigación nos museos**

Venres 7 de xuño de 2024

De 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:30 h

Salón de actos del Edificio Castelao

Organiza: Museo de Pontevedra

Dirixen: Juan de Nieves e Agar Ledo Arias

Liñas: Museos e museoloxía / Historia do museo e das súas coleccións / Arquivo gráfico e documental.

O concepto de arquivo, xunto ao de documento, expandiuse nas últimas décadas coa crise dos grandes relatos, en paralelo ás discusións arredor da reescritura da Historia e á introdución de narrativas alternativas. O cambio na relación entre arte e documento afecta as relacións entre o museo e o arquivo, que se foron aproximando. A localización, adquisición, conservación e difusión de arquivos de artistas é unha liña de traballo que, dentro dos museos, permite pescudar no que quedou sen visibilidade para resitualo na historia da arte. Neste sentido, os arquivos resultan unha fonte de investigación moi eficaz para expor novos interrogantes.

O arquivo —na súa acepción tradicional, pero tamén os arquivos de artista, arquivos vivos, arquivos do común, etc— é un dispositivo e formato central na política de exposición e adquisición de institucións como o Museo Reina Sofía, o Museo de Arte Contemporánea do País Vasco Artium Museoa, o Museu Nacional d'Art de Catalunya (MNAC) ou o Museo Patio Herreriano, que presentarán as súas liñas de traballo e casos de estudo neste seminario organizado con motivo da doazón do arquivo da artista Berta Cáccamo ao Museo de Pontevedra e como actividade de clausura da exposición *Berta Cáccamo. Correspondencias de arquivo*, articulada a través da forma ou o dispositivo arquivo, onde os documentos poden recombinarse e articular narracións e significados novos.

## PROGRAMA

### 10:00 – 10:15 h Presentación da xornada e das persoas participantes

Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

### 10:15 – 11:00 h *Berta Cáccamo: correspondencias de arquivo: arquivo como escultura*

Juan de Nieves Lamas e Xosé María Álvarez Cáccamo, *Legado Berta Cáccamo*

Ao longo dos últimos seis anos, o Legado BC xerou un traballo de investigación e difusión da obra de Berta Cáccamo e no cal o seu arquivo constituíu unha especie de rexistro recorrente que se foi ampliando e volvéndose máis complexo ata o punto de que podería formalizarse como unha especie de instalación múltiple. Ou unha escultura espallada. A súa condición eminentemente predixital apoia esta idea: cadernos tratados como diarios de ideas cos seus espazos destinados a debuxos e esquemas, convivindo cos apuntamentos da cotidianeidade. Máis: álbums de fotografías, diapositivas e transparencias que dan conta dun momento pretérito e que se accionan soamente con dispositivos mecánicos, practicamente en desuso. E finalmente —e por citar soamente os rexistros fundamentais— unha colección de obxectos non-artísticos que demos en chamar depósitos da mirada. Todo iso conforma un volume multiforme que nos axuda a entender e descifrar a práctica artística de Berta Cáccamo ao longo de trinta anos de traballo.

**NOTAS BIOGRÁFICAS:** Xosé María Álvarez Cáccamo é poeta e crítico literario. Publicou tamén obra narrativa e teatral e literatura para crianzas. Ocupase ademais na creación de poemas obxectuais e visuais, expostos con regularidade desde o ano 2007. En *Ancoradoiro. Obra poética* (1983-2003), editado en 2003, reúnen os seus libros poéticos publicados até esa data. *De sombras e poemas que son casas* (2010) recolle unha ampla selección dos seus poemas. *Vento de sal* (2008), *A boca da galerna* (2011), *Tempo de cristal e sombras* (2014) *Cara Inversa* (2014) e *A liña da vida* (2023) son as súas máis recentes entregas poéticas. *Memoria de poeta* (2006) é o relato autobiográfico da súa traxectoria vital, encarreirada en parte pola súa dedicación á poesía. Os seus textos críticos de maior entidade agrupáronse no volume *Espazos do poema* (2009).

Juan de Nieves foi Conservador do Centro Galego de Arte Contemporánea entre 1994 e 1998 e Técnico de exposicións no Consorcio de Museos da Comunidade Valenciana en 1998 e 1999. A partir deste intre incorpórase como xefe de exposicións ao Espai d'Art Contemporani de Castelló, sendo director artístico da devandita institución desde finais de 2004. Co-director do proxecto de investigación Hard Facts, patrocinado pola European Cultural Foundation entre 2012 e 2013. Posteriormente foi director artístico de Rupert (Vilnius, Lituania), un centro de estudos e residencias de artistas, así como director da feira de arte contemporánea SUMMA en Madrid. No ano 2015 é comisario convidado na prestixiosa institución norteamericana Artpace (San Antonio, Texas). A partir de 2017 traballa en diversos proxectos de esfera pública co concello da Coruña, sendo director de “Tribuna Pública”, un espazo de reflexión cidadá sobre a memoria, o urbanismo, o medioambiente e a cultura, ata o verán de 2019. Foi comisario de diferentes exposicións entre as que destacan: *Dora García. End* (CNIO, Madrid, 2023-24); *Berta Cáccamo. Horas Felices* (Museo Patio Herreriano, Valladolid, 2022); *Rubén Ramos* (Macuf, A Coruña, 2016-17); *André Guedes: Prospecto* (Pavilhão Branco, Lisboa, 2017); *Daniel García Andújar. The Butterfly Funnel* (Artpace, San Antonio, USA, 2016); *Rosa Barba. A Fictional Library-Live* (CAC, Vilnius, 2014); *Dora García. The Jerusalem of Europe* (Rupert, Vilnius, 2013); *Inserting new considerations into the historical narrative* (Centro de Arte Contemporánea de Celje, Eslovenia, 2011); *Isidoro Valcárcel Medina. Dentro del Tiempo* (Centro Cultural de España, Montevideo, 2010); *Jorge Barbi: 41° 52' 59" latitude N/8° 51' 12" lonxitude O* (Marco, Vigo, 2009); *Atención: Algunas vueltas más para llegar...Un proyecto de Ángel Vergara* (EACC, Castelló, 2007); *Cantos Cívicos. Un proyecto de NILC* (EACC, Castelló, 2007); *Daniel Buren. Lles Cabanyes de ceramica i espill* (EACC, Castelló, 2006); *Prototipo de espacio para gestionar las emociones en el hospital* con Josep María Martín (EACC/Hospital Provincial de Castelló, 2006-2008); *Gaiata pergrina* con Antoni Miralda

(Castelló, 2007); *Prótesis Institucional* con Santiago Cirugeda (EACC, Castelló, 2005); *Isaac Pérez Vicente: la luz en la sombra* (CGAC, Santiago de Compostela, 1996); *Incidentes* (Casa da Parra, Santiago de Compostela, 1995); *Sida. Pronunciamento e acción* (Palacio de Fonseca, Santiago de Compostela, 1994); *O proceso abstracto. Artistas galegos, 1950-1979* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1993). Desde o ano 2018 forma parte do Legado Berta Cáccamo cuxo obxectivo é xestionar, investigar e difundir a obra da artista galega tras o seu falecemento. Desde 2023 é director da oficina de Imaxe institucional e proxectos de Ciencia e Arte no Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas, Madrid.

### **11:00 – 11:45 h Arquivos e museos, arquivos en museos: seis propostas para a próxima década**

Mela Dávila Freire, *Escola Superior de Belas Artes de Hamburgo (HfbK)*

En 2004 publicouse na revista norteamericana *October* o artigo titulado “Archival Impulse”, no que o historiador e teórico Hal Foster enumeraba as características do “xiro arquivístico” que viña producíndose no sistema da arte contemporánea desde facía un tempo. Vinte anos despois, podemos constatar que algunhas consecuencias daquel “xiro arquivístico” parecen ter vido para quedar. A integración natural do arquivo nas institucións dedicadas á arte contemporánea é, sen dúbida, unha destas consecuencias. Neste relatorio debateranse as posibilidades que abre para o museo a incorporación de conxuntos documentais aos seus fondos, incluíndo, desde logo, os arquivos de artista, pero tamén outros tipos de documentación cuxa pertinencia no contexto da arte contemporánea pode non resultar tan evidente a primeira vista. Para iso, abordaranse cuestións como os parámetros de constitución dun conxunto documental, as súas posibilidades de activación, o seu papel na produción de pensamento crítico ou o seu potencial no espazo expositivo. O relatorio estruturarase arredor de seis conceptos, articulados como propostas de traballo e ilustrados con exemplos tomados da práctica profesional.

**NOTA BIOGRÁFICA:** Mela Dávila Freire é investigadora, comisaria, escritora e tradutora. A súa investigación céntrase nos arquivos de arte e nas publicacións de artista; os seus intereses específicos inclúen a revisión da historia das publicacións de artista desde unha perspectiva feminista, pero tamén as interseccións teóricas e prácticas entre arquivos e coleccións de arte, e os rumbos ideolóxicos ocultos nas estruturas arquivísticas. Foi responsable de publicacións e directora do Centro de Estudos do Museu d’Art Contemporani de Barcelona (MACBA), e directora de Actividades Públicas do Museo Reina Sofía. Tamén colaborou, como consultora e investigadora independente, co Arquivo de Documenta (Kassel, Alemaña), o Museo Alemán de Historia (Berlín, Alemaña), o Arquivo Lafuente (Santander, España), o Museo Reina Sofía (Madrid, España), o Institut Valencià d’Art Modern - IVAM (Valencia, España), a Biblioteca das Artes (Guayaquil, Ecuador) e outras institucións e coleccións públicas e privadas. Publicou amplamente sobre os seus temas de interese, e é autora dos libros *Ser arte y parte – Documenta 1955 - 1968* (Barcelona: Como Ediciones, 2023) e *Fuera de registro: Experimentos editoriales de mujeres artistas en Latinoamérica, 1960 - 1990* (Nova York: Center for Book Arts, 2023). É licenciada en Filoloxía Angloxermánica (UAB), postgraduada en Edición (Universitat Pompeu Fabra) e actualmente candidata doutoral na Escola Superior de Belas Artes de Hamburgo (HfbK).

### **11:45 – 12:15 h Descanso**

### **12:15 – 13:00 h Corpo de arquivo, tempo de museo**

Manuel Segade Lodeiro, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS)

O Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía superpón unha serie de coleccións de cultura material onde conflúen arquivos de moi diversa índole: de arquitectos, de artistas, de galerías, de

xestores e comisarios, de teóricos e escritores, de exilios e de movementos sociais... todos eles constitúen a condición mesma do seu corpo institucional, pero tamén permiten activar formas temporais novas, acordos cos tempos especulativos nos que vivimos. Son a potencialidade especulativa onde se acazapan as novas narrativas do común.

**NOTA BIOGRÁFICA:** Manuel Segade é director do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía desde 2023. Previamente, durante 10 anos, dirixiu o Museo Centro de Arte Dos de Mayo (Móstoles), dependente da Comunidade de Madrid. É licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu como coordinador de programación do espazo Metrònom da Fundación Rafael Tous d'Art Contemporani de Barcelona e como comisario xefe do Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela). Ademais, comisariou durante dúas décadas (2003- 2023) numerosas exposicións en institucións nacionais e internacionais. Como docente destacou no ámbito universitario e institucional coa organización de cursos e seminarios nacionais e internacionais. Foi titor de comisariado e conselleiro do programa de posgraduado en formación comisarial da École du Magasin no Magasin Centre National des Arts Plastiques en Grenoble (Francia). Tamén exerceu como profesor en programas universitarios de Sudáfrica e Brasil. Publicou artigos, catálogos e libros, entre os que destacan *Narciso Fin de Siglo*, da editorial Melusina (2008) ou *Las Infinitas Especies*, de Espai d'Art Contemporani de Castelló (2014). Así mesmo, conta con varios premios e mencións. Entre elas, a distinción “Una Gota MAV” para o Museo Centro de Arte Dos de Mayo (CA2M) polo seu compromiso coa igualdade de xénero (2022) e unha mención especial no Outstanding Museum Practice Award do CIMAM ao Museo CA2M, en 2021, polos proxectos desenvolvidos en resposta á pandemia en 2020. Ademais, é membro fundador do European Art Assembly, un punto de encontro de varios directores e directoras de arte contemporánea europeos sobre temas urxentes da arte contemporánea e membro fundador da European Forum for Advanced Practices, apoiado pola rede da Comunidade Europea COST.

### **13:00 – 13:30 h Mesa redonda**

Moderada por: Agar Ledo Arias, *Museo de Pontevedra*

### **14:00 – 16:00 h Xantar**

### **16:00 – 16:45 h Os artistas e os seus arquivos no MNAC: Anglada Camarasa como paradigma**

Eduard Vallès, *Museu Nacional d'Art de Catalunya (MNAC)*

Desde hai anos o MNAC considerou o traballo arredor dos arquivos das e os artistas como parte central da súa misión como museo. Os arquivos do MNAC responden a tipoloxías e naturezas moi diversas, xa sexan arquivos persoais ou ben arquivos colectivos que recollen as participacións dos artistas nas antigas exposicións oficiais (exposicións de Belas Artes) ou ben en institucións privadas, como a Sala Parés, a primeira galería de arte do Estado. Respecto aos arquivos persoais séguese na actualidade unha política moi activa tanto respecto a artistas do pasado como artistas vivos. Neste contexto destaca o arquivo do artista Hermen Anglada Camarasa (Barcelona 1871-Porto de Pollença 1959), doado pola súa familia no ano 2020. En 2023 deu lugar a unha exposición onde os documentos xerados polo propio arquivo constituíron o centro de gravidade, dando lugar a un relato alternativo, e á súa vez inédito, sobre o propio artista.

**Nota biográfica:** Eduard Vallès é Doutor en Historia da arte pola Universidade de Barcelona e Posgrao en dirección de institucións, plataformas e equipamentos culturais pola Universitat Pompeu Fabra. É académico numerario do Institut d'Estudis Catalans. Foi director da Fundació Palau, creado polo poeta e experto picassiano Josep Palau i Fabre. Foi tamén conservador do Museo Picasso de Barcelona, conservador de arte moderna do MNAC, e actualmente xefe de coleccións do mesmo

museo. É autor dos libros *Picasso y Rusiñol. La encrucijada de la modernidad*; *Isidre Nonell. Visonos desde los márgenes* e *Carles Casagemas. El artista bajo el mito*. Foi director científico das actuais guías do Museo Picasso de Barcelona e do Museu Nacional d'Art de Catalunya. Comisariou diversas exposicións sobre artistas diversos como Santiago Rusiñol, Manuel Pallarés ou Pere Tornei Esquius, pero sobre todo sobre Picasso, por exemplo *Picasso y Perpiñán. El círculo íntimo* (Musée Hyacinthe Rigaud, Perpiñán) e *Picasso: The period blue and beyond* (Pola Museum of Art e Hiroshima Museum of Art). Foi comisario, da exposición *Yo Picasso. Autoretratos* (Museo Picasso Barcelona). Tamén foi comisario das salas de arte moderna dedicadas á Guerra Civil Española que o MNAC inaugurou no ano 2021. En 2023 foi comisario, con Pilar Cuerva, da exposición *Anglada Camarasa. Un archivo premeditado*, no MNAC. Actualmente é comisario da exposición sobre a artista francesa Suzanne Valadon, co título *Suzanne Valadon, unha epopea moderna*, que ten lugar no MNAC ata o día 1 de setembro.

**16:45 – 17:45 h Preservación da memoria e xeneración de coñecemento: a xestión de arquivos no Museo de Arte Contemporáneo do País Vasco, Artium Museoa**

Beatriz Herráez / Elena Roseras, *Museo de Arte Contemporánea do País Vasco Artium Museoa*

O Museo de Arte Contemporánea do País Vasco, Artium Museoa, impulsa o desenvolvemento de proxectos de investigación, preservación da memoria e xeración de coñecemento no marco da arte contemporánea en relación cos arquivos e fondos documentais. Este compromiso enfócase nas autoras e os autores e as prácticas artísticas desenvolvidas no contexto do País Vasco desde mediados do século XX ata a actualidade. A xestión dos arquivos atravesas todas as áreas de actuación do museo e garda unha estreita relación con iniciativas recentes como a posta en marcha do Centro de Investigación e Documentación de Artistas Vascas, Prácticas artísticas e Teorías da arte Feministas, subliñando o compromiso do museo coa igualdade e co recoñecemento desoutras narrativas que están a transformar a nivel global a historiografía da arte.

Neste contexto, o fondo Documental Juncal Ballestín Sebastián e o legado de Néstor Basterretxea Irurzun son piares esenciais deste proxecto, erixíndose como un recurso inestimable para a investigación e o estudo no ámbito da arte contemporáneo no País Vasco.

**NOTA BIOGRÁFICAS:** Beatriz Herráez Diéguez é directora do Museo de Arte Contemporánea do País Vasco desde decembro de 2018. Formada como historiadora da arte foi comisaria de numerosas exposicións de artistas como Alejandro Cesarco, Moyra Davey, Jutta Koether, Erlea Maneros Zabala, Anna Daucikova, June Crespo, Julia Spinola ou Juan Luis Moraza, en espazos como Artium Museoa (Vitoria-Gasteiz), Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid), Museo Centro de Arte Dos de Mayo (Madrid), Azkuna Zentroa, Musac (León), Castillo/Corrales (París), ou Sculpture Center (Nova York).

Elena Roseras Carcedo é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade do País Vasco, licenciada en Documentación pola UOC (Universitat Oberta de Catalunya), máster en Biblioteconomía pola UPV-EHU e máster en Sociedade da Información e o Coñecemento outorgado pola UOC. Traballou en institucións como a Fundación Sancho o Sabio e o Servizo de Libro e Bibliotecas na Dirección de Patrimonio Cultural do Goberno Vasco. Desde o ano 2001 é responsable de Biblioteca e Documentación do Museo de Arte Contemporánea do País Vasco, Artium Museoa.

**17:45 – 18:00 h Descanso**

**18:00 – 19:00 h De cheos e baleiros: o arquivo como punto neurálxico da exposición *Universo Ferrant***

Javier Hontoria / Irene García Chacón, *Museo Patio Herreriano, Valladolid / Universidad de Valladolid*

O Arquivo de Ángel Ferrant, depositado no Museo Patio Herreriano, é unha ordenada constelación de papel que, como fai a propia obra escultórica do artista, recréase no cheo (os numerosos documentos que se conservaron), pero tamén no baleiro (aqueles de os que non hai pegada e cuxa ausencia se manifesta de maneira expresiva). As cartas, as fotografías, os catálogos, as dedicatorias, os recortes de prensa, os manuscritos ou os bosquejos eríxense como obxectos cos que narrar unha posible intrahistoria da arte que conecta a Ferrant con outros creadores do campo cultural. Así, a partir das experiencias do proxecto Universo Ferrant, desenvolto no Museo Patio Herreriano entre 2022 e 2023, a conferencia reflexionará acerca da significación, a metodoloxía e a problemática que se derivan da integración do traballo de arquivo na elaboración dun relato expositivo.

**Notas biográficas:**

Javier Hontoria é historiador da arte. Foi crítico de arte en revistas como *El Cultural* ou *Artforum*. Como comisario independente realizou exposicións en museos e centros de arte como o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o Centro Galego de Arte Contemporánea, A Casa Encendida, o Museo d'Arte Moderna dei Bologna, o Museo Centro de Arte Dos de Mayo, o Centro Andaluz de Arte Contemporánea e Artium. Desde 2019 ocupa a dirección do Museo Patio Herreriano.

Irene García Chacón é profesora Permanente Laboral no Departamento de Historia da Arte da Universidade de Valladolid e actualmente investigadora no Dipartimento delle Arti da Università dei Bologna. Doutora en Historia da arte pola Universidade Complutense de Madrid, realizou a súa tese, que obtivo o Premio Extraordinario, grazas a unha axuda FPU no CSIC. Completou a súa formación con estancias na New York University, a Université Sorbonne Nouvelle-Paris 3, a University of Cambridge e a Università Ca'Foscari. Os seus traballos foron publicados en revistas como *Ínsula*, *Cuadernos Hispanoamericanos* ou *Investigaciones Feministas* e en editoriais como *Visor*, *Comares* ou *CSIC*. A súa traxectoria investigadora foi avalada coa concesión de axudas posdoctorales como a Juan de la Cierva-Incorporación, a Recualificación do Profesorado Universitario NextGenerationEU e un sexenio. No ámbito expositivo, foi comisaria da mostra *Universo Ferrant* (Museo Patio Herreriano); co-comisaria de *Vida entre amigos* (Deputación de Granada); *Mujeres de papel. Trazos de la generación do 27* (Sociedade Económica de Amigos do País, Málaga); e co-coordinadora da exposición *(Des)Variaciones sobre José Guerrero* (Facultade de Belas Artes Alonso Cano, Universidade de Granada). Así mesmo, foi bolseira do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, da Fundación Juan March e beneficiaria da Solomon R. Guggenheim Foundation Internship na Peggy Guggenheim Collection.

**19:00 – 19:30 h Mesa redonda**

Moderada por Juan de Nieves Lamas, comisario da exposición *Berta Cáccamo. Correspondencias de arquivo*, no Museo de Pontevedra.